

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Familias de Persoas Afectadas pola Síndrome de Asperger (ASPERGA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Familias de Persoas Afectadas pola Síndrome de Asperger (ASPERGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Galega de Familias de Persoas Afectadas pola Síndrome de Asperger (ASPERGA) nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Síndrome de Asperger e TEA.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que ASPERGA é unha entidade sen ánimo de lucro e de Utilidade Pública, que nace en xaneiro de 2006 co obxectivo principal de loitar pola inclusión das persoas con Síndrome de Asperger e TEA, ofrecendo servizos especializados,



asesoramento e apoio e servindo de punto de unión para as familias, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

a) Promover o ben común e a autonomía e prevención da dependencia das persoas autistas (con Trastorno do Espectro do Autismo, TEA) sen discapacidade intelectual nin deterioración significativa da linguaxe acompañada cun grao de apoio 1 ou 2 e o que se viña denominando Síndrome de Asperger ou Autismo de Alto Funcionamento, avaliado polo equipo técnico de ASPERGA, e a través de actividades asistenciais, educativas, recreativas, culturais e deportivas, laborais, formativas para a autorrepresentación, orientación e formativas en xeral, así como outras accións consideradas de interese para tales fins.

b) En xeral, crear, organizar e patrocinar centros de diagnóstico e detección temperá de TEA, atención especializada sanitaria e social, terapia psicolóxica individual e en grupo, pedagogía, logopedia e terapia ocupacional, educación e formación para docentes e profesionais, orientación socio laboral e unidades de captación para o emprego, protección á discriminación e o acoso, e calqueoutra actuación coherente cos fins.

c) Promover de maneira especial a inclusión en todos os ámbitos dos colectivos de persoas autistas máis vulnerables:

- a infancia e xuventude autista
- as mulleres autistas
- as persoas dos colectivos LGTBIQ+ autistas
- os maiores autistas.

d) Promover de maneira especial a inclusión laboral de persoas autistas por medio de actividades económicas específicas, tales como creación de empresas, centros especiais de emprego, obradoiros ocupacionais ou outras.



e) Informar, asesorar e sensibilizar á familia e á sociedade en xeral e a colectivos concretos acerca da problemática presente nas persoas autistas e as súas formas de abordala.

f) Representar e defender os intereses das persoas autistas (Síndrome de Asperger) e as súas familias ante toda clase de organismos, administración estatal, autonómica, local, institucións, persoas físicas ou xurídicas, entidades públicas ou privadas, de calquera clase ou natureza, tanto nacionais como internacionais.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa e no desenvolvemento de accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Síndrome de Asperger e TEA, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

